

Reunido o día 18 de abril de 2024 o Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE de 6 de marzo de 2023) para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre, da Universidade de Santiago de Compostela, adoptou os seguintes acordos en aplicación do disposto nas bases da convocatoria:

1. Facer públicos os criterios de corrección das probas correspondentes ao primeiro exercicio (coñecemento de idioma galego) como ven establecido no Anexo I.

En Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

O presidente do Tribunal

Manuel Vázquez Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro electrónico da sede electrónica USC .

ANEXO I

Cráterios de corrección primeiro exercicio

O Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE de 6 de marzo de 2023) para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre, da Universidade de Santiago de Compostela

ACORDOU:

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)* publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE de 6 de marzo de 2023) para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre.

En Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

O presidente do Tribunal

Manuel Vázquez Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro electrónico da sede electrónica USC .

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MANUEL VAZQUEZ VAZQUEZ, NIF ***5079**, 18/04/2024 13:37:10.

CSV: 8826-6F68-43A1-946C